

8 DE Día internacional das
mulleres traballadoras
8 MARZO

MOBILIZACIÓNS

11:30h.

A CORUÑA (Subdelegación do goberno)

11:00h.

A MARIÑA (Concello de Burela)

12:00h.

LUGO (Edificio da Xunta)

12:00h.

COMPOSTELA (Praza Roxa)

12:00h.

FERROL (Local CIG –Avda. de Esteiro)

12:00h.

AS PONTES (Praza do Hospital)

12:00h.

PONTEVEDRA (Edificio sindical)

12:00h.

VILAGARCÍA (Auditorio)

11:30h.

VIGO (Cruce da Dobrada)

12:00h.

CANGAS (Estación de autobuses)

12:00h.

A GUARDA (Praza As de Copas)

12:00h.

OURENSE (Edificio da Xunta –Avda. da Habana)



Secretaría das mulleres

A crise **NON** a imos pagar as traballadoras

8 motivos
PARA UN 8 DE MARZO
COMBATIVO

- 1.-** A última **reforma laboral**, baixo a pretensión de eliminar a temporalidade, tróuxonos un incremento da inestabilidade laboral a través da substitución dos contratos temporais polos fixos descontinuos. Esta medida estrela da reforma implantada polo goberno do PSOE e UP na práctica o que fai é perpetuar a precariedade, incluso permitindo este tipo de contratos por medio das ETT, que derivan nunha perda total de dereitos para as traballadoras. O auxe da parcialidade é outra forma de explotación das traballadoras. O 25% das mulleres temos contratos a xornada parcial, é dicir, 1 de cada 4 mulleres; no caso dos homes, só 1 por cada 16.5.
- 2.-** No que atinxe aos ingresos económicos, persiste a forte fenda de xénero xa histórica, mais non por iso menos grave. **A fenda salarial** no ano 2021 situouse perto do 19%, o que, en termos monetarios, equivale a que as mulleres cobramos 4.238 euros brutos anuais menos que os homes.
- 3.-** **A carestía da vida**, con subidas desorbitadas dos prezos de produtos e servizos básicos, empeoran a calidade na alimentación, nas condicións de habitabilidade dos nosos fogares, da nosa saúde... é dicir, unha deterioración considerábel da nosa calidade de vida. A realidade é que seguimos sendo as mulleres as que nos encargamos do mantemento dos fogares e, por tanto, esta carestía aféctanos dun xeito máis directo e lesivo.
- 4.-** Os **servizos públicos** non cobren as nosas necesidades debido aos recortes que non paran de aumentar. Esta deterioración é especialmente acusada na sanidade, educación e centros de atención á dependencia, servizos que son vitais para a mellora do benestar e do progreso social. A insuficiencia destes servizos públicos obríganos a moitas a abandonar o emprego ou a reducir a xornada para paliar esta carencia.
Estes recortes afectan especialmente ás condicións de traballo do persoal dos servizos públicos, principalmente mulleres. A Xunta de Galiza e nomeadamente o SERGAS é a maior empresa de traballo temporal do País, experta en precarizar as condicións laborais.
- 5.-** O **desemprego** feminino é un 16.6% superior ao masculino. No mes de xaneiro de 2023 o 77.85% das persoas que pasaron á situación de desemprego foron mulleres.
- 6.-** A **precariedade laboral** é especialmente salvaxe no colectivo de mozas, que sofren grandes dificultades para o acceso ao traballo remunerado, e este realízase en condicións de semiescraitude, obrigando a moitas delas á emigración.
- 7.-** A nova norma que regula as condicións de traballado das **empregadas do fogar** non contempla a igualdade de dereitos laborais deste colectivo de traballadoras. Existen flagrantes carencias que non recoñecen os seus dereitos laborais plenos, como o seu paso ao réxime xeral da Seguridade Social, o recoñecemento para o desemprego da súa vida laboral previa ou o dereito á negociación colectiva.
- 8.-** A anunciada **reforma das pensión** coa que pretenden aumentar os anos de cómputo para o cálculo das mesmas, lonxe de minguar a fenda actual, que se sitúa no 34.5%, vai incrementar esta desigualdade. Os contratos a tempo parcial, fixos descontinuos, a inestabilidade no mercado de traballo, as reducións de xornada,... deriva en que aos 65 anos teñamos como media 24.1 anos cotizados, fronte aos máis de 35 anos cotizados dos homes. Podemos afirmar que a nova reforma condenará a prolongar a vida laboral e á miseria tras a xubilación a moitas traballadoras galegas. Se hoxe as galegas pensionistas cobran 376,20 euros mensuais de media menos que os galegos, de se levar adiante esta reforma, esta diferenza aumentará considerabelmente.

As mulleres pasamos de ser excluídas do traballo remunerado a incorporámonos a un mercado laboral desigual e precario. Os traballos que realizamos, lonxe de representar unha actividade emancipadora, funcionan como un mecanismo de alienación e sobreexplotación.

A crise non a imos pagar as traballadoras, seguindo o exemplo das compañeiras da conserva, do SAF, de inditex, residencia da terceira idade, SERGAS e tantas outras, loitaremos pola erradicación das discriminacións laborais e sociais.

